



ARQUITECTURA
INDIANA
TOMIÑO

ESCOLA AURORA DEL PORVENIR

A pegada das Américas



Localización

Coordenadas 41.980722, -8.745486

Tipo de ben: escola

Concello: Tomiño

Parroquia: Tomiño (Santa María)

Lugar: San Benito

Cronoloxía: 1927-1931

Construtor: Serafín Fernández Costas

Promotor: *Sociedad Aurora del Porvenir Pro Instrucción*

Propiedade: pública

Uso actual: escola

Estado de conservación: bo

Comentario e descrición

Inaugurada en 1931, esta escola foi promovida pola *Sociedad Aurora del Porvenir Pro Instrucción*, con sedes en Bos Aires e Lisboa, coa colaboración no seu financiamento de Abdón Alonso Alonso, creador da Escola da Fundación Peirópolis na parroquia de Estás. Ricamente dotado, este centro contou con instalacións para a práctica de deporte ou para a experimentación agrícola, así como cun espazo para o estudo. Dispoñía de dúas aulas, unha para nenos e outra para nenas, onde se impartían diversos niveis de formación segundo a idade do alumnado (preparatorio, elemental, medio e superior) e nalgunhas materias tamén segundo o sexo.

O centro estaba dotado con avanzados métodos educativos que seguían pautas pedagóxicas arxentinas e recomendacións da *Institución Pedagógica de Enseñanza Intuitiva* da Coruña, en boa parte grazas á experiencia pedagóxica do director e mestre da escola, Antón Alonso Ríos. Alonso Ríos, recoñecido galeguista cunha ampla experiencia como profesor durante a súa etapa de emigrante en Arxentina, estivo rodeado dun equipo de docentes de alta cualificación, como Raquel Granja, José Ares, Enrique Lobito ou Pilar Lloréns, que chegaron a impartir clase a máis dun centenar de alumnos e alumnas. A formación regrada complementábase con diversas actividades como a celebración de excursións ou a formación de persoas adultas.

Tras ser confiscada en 1936 despois do golpe de estado, a escola foi pechada e os seus promotores e colaboradores perseguidos e axustizados, acusados de defender políticas antiespañolas. Pasaría a converterse en sede falanxista e na década dos anos 40 recuperaríase a súa función como escola nacional. Actualmente é escola de ensinanza infantil e primaria, formando parte do Colexio Rural Agrupado Mestre Manuel Garcés de Tomiño.

Trátase dun edificio de grandes dimensións que presenta planta rectangular e tellado a catro augas, cunha parte central cuadrangular destacada en altura que acada os dous andares e sobresa das fachadas posterior e dianteira. Nesta ábrese unha porta, á que se accede por unha escada de dous chanzos, rematada en arco de medio punto, ao igual que os vans da parte inferior que, a diferenza dos da superior, é de forma rectangular. Neste volume central situaríase o vestíbulo onde se atopaba o acceso ás aulas, que se dispoñen simetricamente a ambos lados nunha soa altura.

Construído en cachotería, como se observa no baseamento, o edificio presenta revoco de formigón nos paramentos, o que facilita a realización da escasa ornamentación que presenta. Un exemplo é a moldura que recorre o perímetro do edificio, tan so interrompida polos vans e da que arrancan decoracións que semellan pilastras feitas con perpiaños. O segundo andar do volume central remátase nun frontón truncado no que hai inscrito un círculo cego en relevo.



A pegada das Américas

ESCOLA AURORA DEL PORVENIR



Referencias bibliográficas

- Bores Garamundi, Fernando: Casas de indios. Pontevedra, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2009.
- Martínez Pousa, Cristal: Arquitectura e os Indios en A Guarda, O Rosal e Tomiño: Proposta de catalogación, 2009. (Non publicado).



FICHA DE CATALOGACIÓN
Nº inventario: TOM-02

Tomino
CONCELLO

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA